● **Bioloxía e Xeoloxía de 3º da ESO.**

Realizaranse controles escritos cada dúas unidades xeralmente, unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética dos controles, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa, caderno e traballos realizados).

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Recollida e corrección dos cadernos coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa, así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase. Estes traballos representarán o **20%** da nota final de cada avaliación.
- 2) Probas escritas de AVALIACIÓN: realizarase unha proba escrita por cada dous temas dos incluídos na sección de contidos (unidades didácticas). (No caso de ter unha extensión grande poderase realizar un control por tema). En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valora-la adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes ao tema. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía e 0'05 por til). Esta probas representarán o **70%** da nota global.
- 3) Fichas individuais, traballos en grupo ou prácticas, valorarase ata un máximo dun **10%** da nota final de cada avaliación.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos tres apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 0,66 puntos. (de 2 puntos)
- Apartado 2 : 2,1 puntos. (de 7 puntos)
- Apartado 3 : 0,33 puntos. (de 1 punto)

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán actividades de reforzo e, con posterioridade ás avaliacións, farán unha proba de recuperación.

● **Bioloxía e Xeoloxía de 4º da ESO.**

Realizaranse controles escritos unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética dos controles, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa, caderno e traballos realizados) así como as actitudes do alumno/a.

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Recollida e corrección dos cadernos coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa (10%), así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase (10%). En conxunto estes traballos representarán o **20%** da nota final de cada avaliación.
- 2) Probas escritas de AVALIACIÓN: En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valora-la adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes ao tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía). Esta probas representarán o **70 %** da nota global.

- 3) A realización de fichas individuais, traballos en grupo ou prácticas, así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase, valorarase ata un máximo dun **10%** da nota final de cada tema.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos tres apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo a metade da valoración de cada un deles.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán actividades de reforzo e, con posterioridade ás avaliacións, farán unha proba de recuperación.

● **Ciencias aplicadas á actividade profesional de 4º da ESO**

Realizaranse probas escritas, unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética das probas, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa e traballos realizados) así como as actitudes do alumno/a.

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Probas escritas de AVALIACIÓN: incluíranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos contidos de cada tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía).
- 2) A realización de fichas individuais, informes de laboratorio, traballos en grupo ou prácticas, así como a participación do alumno na clase e o comportamento.

Na materia de Ciencias aplicadas á actividade profesional a ponderación será diferente, dado o carácter práctico da materia, a continuación expónse dito porcentaxe:

- ✓ traballo na aula, informes de laboratorio, participación axeitada e traballo cooperativo, e realización, entrega e exposición dos traballos corresponde a un **50%** da nota global
- ✓ A realización de probas escritas equivale ao **50%** da nota global

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos dous apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo unha puntuación de 1,5 puntos (de 5 puntos) en cada un deles.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán, con posterioridade ás avaliacións, unha proba de recuperación.

● **ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO de MÓDULO 3 (ESA)**

Realizaranse controis escritos de cada unha das unidades explicadas despois de realización e corrección das actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética dos controis, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa, caderno e traballos realizados).

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Recollida e corrección dos cadernos coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa, así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase. Estes traballos representarán o **20%** da nota final de cada avaliación.
- 2) Probas escritas de AVALIACIÓN: realizarase unha proba escrita por cada tema dos incluídos na sección de contidos (unidades didácticas). En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes ao tema. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía e 0'05 por til). Estas probas representarán o **60%** da nota global.
- 3) Fichas individuais, traballos individuais ou en grupo ou caderno ou boletíns de prácticas, valorarase ata un máximo dun **20%** da nota final de cada avaliación.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos tres apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 0,66 puntos. (de 2 puntos)
- Apartado 2 : 1,8 puntos. (de 6 puntos)
- Apartado 3 : 0,66 puntos. (de 2 punto)

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de FEBREIRO se obtivo unha media aritmética en todas as probas realizadas que supere os cinco puntos.

● ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO de MÓDULO 4 (ESA)

Realizaranse controles escritos de cada unha das unidades explicadas despois de realización e corrección das actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética dos controles, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa, caderno e traballos realizados).

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Recollida e corrección dos cadernos coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa, así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase. Estes traballos representarán o **20%** da nota final de cada avaliación.
- 2) Probas escritas de AVALIACIÓN: realizarase unha proba escrita por cada tema dos incluídos na sección de contidos (unidades didácticas). En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes ao tema. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía e 0'05 por til). Estas probas representarán o **60%** da nota global.
- 3) Fichas individuais, traballos individuais ou en grupo ou caderno ou boletíns de prácticas, valorarase ata un máximo dun **20%** da nota final de cada avaliación.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos tres apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 0,66 puntos. (de 2 puntos)
- Apartado 2 : 1,8 puntos. (de 6 puntos)
- Apartado 3 : 0,66 puntos. (de 2 punto)

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de XUÑO se obtivo unha media aritmética en todas as probas realizadas que supere os cinco puntos.

● Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato

Realizaranse probas escritas cada dúas ou tres unidades, unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética das probas, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa e traballos realizados) así como as actitudes do alumno/a.

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

- 1) Probas escritas de AVALIACIÓN: realizaranse dúas ou tres probas escritas por avaliación. En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos contidos de cada tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía). Esta probas representarán o **80%** da nota global.
- 2) A realización de fichas individuais, traballos en grupo ou prácticas, así como a participación do alumno na clase, valorarase ata un máximo dun **20%** da nota final de cada tema.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos dous apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 2,1 puntos.
- Apartado 2 : 0,2 puntos.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán, con posterioridade ás avaliacións, unha proba de recuperación.

Aqueles alumnos que, por circunstancias extraordinarias perderan o dereito a avaliación continua no Bacharelato, terán dereito a un exame final en Xuño (e á correspondente convocatoria extraordinaria de Setembro) que versará sobre toda a materia do currículo.

● Cultura Científica de 1º de Bacharelato

Na materia de Cultura científica, dado o carácter práctico da asignatura, o **100%** será mediante traballos, onde se valorará o traballo feito na aula, o contido, a exposición e o traballo cooperativo.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán, con posterioridade ás avaliacións, unha proba de recuperación.

Aqueles alumnos que, por circunstancias extraordinarias perderan o dereito a avaliación continua no Bacharelato, terán dereito a un exame final en Xuño (e á correspondente convocatoria extraordinaria de Setembro) que versará sobre toda a materia do currículo.

● Anatomía aplicada de 1º de Bacharelato

Realizaranse probas escritas cada dúas ou tres unidades, unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética das probas, teranse en conta o traballo do alumno/a na clase e na casa (realización de actividades na clase, na casa e traballos realizados) así como as actitudes do alumno/a.

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira:

1. Recollida e corrección das fichas individuais ou en grupo, coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa (10%), así como a observación directa do traballo e a participación do alumno na clase (10%). En conxunto estes traballos representarán o **10%** da nota final de cada avaliación.
2. Probas escritas de AVALIACIÓN: realizaranse dúas ou tres probas escritas por avaliación. En cada unha destas probas inclúiranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos contidos de cada tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía). Estas probas representarán, xunto co traballo na aula, o **60%** da nota global.
3. A realización de traballos en grupo ou prácticas, así como a participación do alumno na clase valorarase ata un máximo dun **30%** da nota final de cada tema.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos dous apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 0,2 puntos.
- Apartado 2 : 1,5 puntos.
- Apartado 3 : 0,2 puntos.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán, con posterioridade ás avaliacións, unha proba de recuperación.

Aqueles alumnos que, por circunstancias extraordinarias perderan o dereito a avaliación continua no Bacharelato, terán dereito a un exame final en Xuño (e á correspondente convocatoria extraordinaria de Setembro) que versará sobre toda a materia do currículo.

● Bioloxía e Ciencias da Terra e do Medioambiente de 2º de Bacharelato

Realizaranse probas escritas, unha vez que se remate a explicación e as actividades de repaso. Para o cálculo da nota da avaliación ademais da nota numérica obtida coa media aritmética das probas, teranse en conta o traballo e a actitude do alumno/a.

A CUALIFICACIÓN levarase a cabo da seguinte maneira, en CCTMA:

- 1) Recollida e corrección dos cadernos coas actividades propostas para a súa resolución na aula e as actividades propostas para resolver na casa, valorarase cun máximo do **10%**.
- 2) Probas escritas de AVALIACIÓN: En cada unha destas probas inclúiranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos contidos de cada tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un

máximo dun punto (0'1 por faltas de ortografía). Esta probas representarán entre o **60%** da nota global.

- 3) A realización de proxectos, así como a participación do alumno na clase e a actitude nesta materia valorarase ata un máximo dun **30%** da nota final.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos dous apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 0,1 puntos.
- Apartado 2 : 2.1 puntos.
- Apartado 3 : 0,2 puntos.

En Bioloxía:

- 1) Probas escritas de AVALIACIÓN: En cada unha destas probas incluíranse cuestións que permitan valorar a adquisición dos estándares de aprendizaxe correspondentes aos contidos de cada tema. As cuestións serán sobre conceptos teóricos, prácticos e as posibles aplicacións dos mesmos. Terase en conta a presentación do exame (marxes, faltas...) podendo baixar ata un máximo dun punto (0'1 por falta de ortografía). Esta probas representarán o **90%** da nota global.
- 2) A realización de fichas individuais, así como a participación do alumno na clase e a actitude nesta materia valorarase ata un máximo dun **10%** da nota final.

En todos os casos para que se sumen as puntuacións dos dous apartados é preciso que o alumno obteña como mínimo as seguintes puntuación en cada un deles:

- Apartado 1 : 2,7 puntos.
- Apartado 2 : 0.1 puntos.

Para obter a cualificación de SUFICIENTE o alumno debe acadar un mínimo de 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios o alumno acadará a cualificación de SUFICIENTE na avaliación ordinaria de Xuño se obtivo unha media aritmética das tres avaliacións que supere os cinco puntos. Será necesario que polo menos dúas das notas superen os 5 puntos e que a terceira supere os 3 puntos na avaliación suspensa. Sempre que a media das tres avaliacións supere os cinco puntos.

Os alumnos que non acadaran a nota mínima esixible para aprobar realizarán, con posterioridade ás avaliacións, unha proba de recuperación.

Aqueles alumnos que, por circunstancias extraordinarias perderan o dereito a avaliación continua no Bacharelato, terán dereito a un exame final en Xuño (e á correspondente convocatoria extraordinaria de Setembro) que versará sobre toda a materia do currículo.

9.2. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (ESO E BAC)

A avaliación extraordinaria de xuño será unha proba ponderada de contidos básicos na que se trata de establecer se o alumno ten adquiridas as competencias mínimas na materia, o que lle permitirá ao alumno promocionar ao seguinte curso.

Os alumnos que deberán realizar esta proba son aqueles que non acadaran os contidos mínimos na materia e, por circunstancias extraordinarias, os alumnos de bacharelato que perderon o dereito a avaliación continua. Neste último caso realizarán unha proba en xuño que englobe a materia impartida durante o curso.

O alumnado da ESO que non supere a materia por trimestres, realizará unha proba extraordinaria (aínda sen aclarar oficialmente se imos realizar esta proba e cal sería a súa data) en xuño, o contido deste exame extraordinario englobará a materia impartida durante o curso e axustarase aos contidos mínimos esixibles.

O alumnado de bacharelato que non superase a materia por trimestres, realizará unha proba escrita en xuño (aínda sen confirmar oficialmente) sobre todos os contidos impartidos durante o curso. En casos excepcionais e a alumnos concretos, poderase propoñer unha proba extraordinaria parcial, que só os evalúe dos contidos da materia que non foron superados.

Os alumnos que durante o curso non presentaran os traballos obrigatorios e que forman parte da avaliación continua, por ser de contidos fundamentais na materia, deberán presentalos o día da proba extraordinaria de xuño. Para evitar posibles confusións, indicaráselle a cada alumno que traballo(s) concretos debe presentar.

No módulo 3 da ESA, ao alumnado que non supere a materia en FEBREIRO, daráselle unha guía de actividades (que lle sirva de orientación á hora de prepararse para a proba extraordinaria de MAIO), que se axusten aos contidos mínimos e aos aspectos máis relevantes da materia. En MAIO realizarán unha proba escrita, o contido deste exame extraordinario englobará a materia impartida durante o curso e axustarase aos contidos mínimos esixibles. O resultado desta proba determinará se o alumno ten adquiridas as competencias mínimas na materia, o que lle permitirá ao alumno promocionar ao seguinte MÓDULO. Os alumnos que durante o curso non presentaran os traballos obrigatorios e que forman parte da avaliación continua, por ser de contidos fundamentais na materia, deberán presentalos o día da proba extraordinaria de MAIO.

No módulo 4 da ESA, ao alumnado que non supere a materia, daráselle unha guía de actividades (que lle sirva de orientación á hora de prepararse para a proba extraordinaria de XUÑO), que se axusten aos contidos mínimos e aos aspectos máis relevantes da materia. En Xuño realizarán unha proba escrita, o contido deste exame extraordinario englobará a materia impartida durante o curso e axustarase aos contidos mínimos esixibles. O resultado desta proba determinará se o alumno ten adquiridas as competencias mínimas na materia, o que lle permitirá ao alumno promocionar. Os alumnos que durante o curso non presentaran os traballos obrigatorios e que forman parte da avaliación continua, por ser de contidos fundamentais na materia, deberán presentalos o día da proba extraordinaria de XUÑO.

10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nesta programación, ofrécense unha serie de instrumentos de axuda sobre a valoración de catro aspectos fundamentais no proceso de ensino e na práctica docente que son:

- Planificación.
- Motivación do alumnado.
- Desenvolvemento da ensinanza.
- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

10.1 PLANIFICACIÓN

Neste primeiro punto avalíase o proceso de programación da materia, dun xeito global e puntual, a temporalización e a coordinación co profesorado doutros departamentos.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
O programa da materia ten en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
A materia prográmase tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.		
A programación da aula secuencia de forma progresiva os contidos tendo en conta as particularidades de cada grupos de estudantes.		
As actividades e estratexias propostas serven para adquisición dos estándares de aprendizaxe.		
Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que		

permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

10.2 MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

A motivación é un dos eixos principais para que o alumnado se implique no proceso de ensinanza e fai que o aprendizaxe sexa máis significativo.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos, vídeos curtos...).		
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
Promove a reflexión dos temas tratados.		

10.3 DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

A metodoloxía usada, así como as actividades propostas, deben ser variadas e contribuír a adquisición dos obxetivos. Ben sabido é que actividades que funcionan moi ben nun grupo non acaban de facelo noutro, polo que é preciso replantealas en algunhas ocasións.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Resume as ideas fundamentais antes de pasar a unha nova unidade con mapas conceptuais, esquemas...		
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; pon exemplos...		
Acláranse as posibles dúbidas e ofrécese axuda dentro e fóra das clases.		
Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
Promove o traballo cooperativo.		
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.		
Presenta actividades de grupo e individuais.		

10.4 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

É preciso avaliar o proceso de ensinanza para comprobar que realmente é efectivo e serve para que o alumnado aprenda e acade os obxetivos de etapa.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Detecta os coñecementos previos de cada unidade		

didáctica.		
Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.		
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas.		
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.		
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.		
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

11.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (ESO E BAC)

11.1 PENDENTES DE ESO

Aqueles alumnos da ESO que teñan algunha materia pendente dos cursos anteriores deberán recuperala da seguinte forma:

- Realizando as actividades, referidas ao temario da materia pendente, contidas nun boletín que se lles entregará antes do fin da primeira avaliación, que serán recollidos despois das vacacións de Nadal. Esta parte representará, como máximo, un 30% da nota final.
- Facendo unha proba escrita ou oral dos temas sobre os que fixeron as actividades (incluírá a materia explicada durante o curso anterior). Esta parte representará, como máximo, un 70% da nota final.

Para recuperar a materia é necesario acadar 5 puntos entre as actividades e a proba escrita, a celebrar no mes de Maio (avaliación ordinaria) ou Xuño (avaliación extraordinaria, aínda sen confirmar pola administración).

11.2 PENDENTES DE 1º DE BACHARELATO

Aqueles alumnos que cursando 2º da Bacharelato teñan pendente a materia de Bioloxía e Xeoloxía, Cultura Científica ou Anatomía Aplicada do 1º curso deberán recuperala da seguinte forma:

- Realizar unha serie de actividades que incluírán preguntas cortas, interpretación de imaxes, resolución de problemas e pequenos traballos de investigación. Entregaránselle todas as actividades no primeiro trimestre.
- Realizarase unha proba escrita ou oral dos temas sobre os que fixeron as actividades (incluírá a materia explicada durante o curso anterior)

Para superar a materia pendente é necesario acadar, como mínimo, un 5 na proba escrita a celebrar no mes de Maio (avaliación ordinaria) ou xuño (avaliación extraordinaria, aínda sen confirmar pola administración)

12.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO

O alumnado que se matricule da materia de bioloxía de 2º de bacharelato sen cursar bioloxía e xeoloxía de 1º de bacharelato, deberá realizar unha proba onde acredite que

reúne as condicións necesarias para aproveitar os contidos impartidos na materia de 2º curso.

Antes do inicio das actividades lectivas realizaráselle a alumna ou alumno un proba oral ou escrita onde se valorará se os coñecementos sobre a materia do 1º curso son os mínimos esixibles.

As materias de bioloxía e xeoloxía de 1º e bioloxía de 2º de bacharelato teñen contidos independentes polo que, no caso de non superar esa proba inicial, o profesor pode decidir que curse a materia de 2º curso e que dito alumno/a realice durante o curso actividades de seguimento e recuperación da materia de 1º curso.

A realización e resultado desta proba quedará reflexada, mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico.

13.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo lle ofrezca a cada alumno a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. A avaliación inicial é un instrumento importante para a rápida detección de problemas ou carencias de aprendizaxe dos alumnos na educación secundaria. A pronta identificación destas carencias permitirá a toma das medidas de corrección e apoio máis axeitadas no período de tempo máis reducido que sexa posible.

Para a avaliación inicial realizaranse actividades que permitan detectar, o máis pronto posible, calquera tipo de problema. As actividades propostas son:

- Debate e actividades pregunta-resposta sobre un tema, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas
- Proba con preguntas de respostas breves, para comprobar os coñecementos previos.

Unha vez feita as actividades e coñecendo os resultados, realizarase unha avaliación inicial, para cada grupo, xunto aos demais profesores e o orientador. É aquí onde se tomarán, entre o grupo de avaliación, as medidas correctoras, individuais e colectivas para solucionar os posibles problemas ou carencias detectados. Entre as medidas que se poden tomar atópanse a preparación de materiais específicos e de apoio, o reforzo na aula, traballo na aula de PT, técnicas de aprendizaxe e organización para o estudo, enfocar o aprendizaxe dunha forma diferente ...

14.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Tendo en conta a diversidade do alumnado en relación cos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno ou alumna da aula. Avaliaranse cedo as capacidades e motivacións dos distintos alumnos co fin de atender a recuperación ou reforzo daqueles que o requiran con actividades puntuais levadas a tal efecto, así como manter convenientemente informado da marcha de cada alumno ao titor cando así se requira.

As medidas a tomar en relación a atención da diversidade expóñense a continuación:

- Utilizar materiais e recursos variados.
- Posibilitar o agrupamento flexible na aula.
- Diseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con niveis de formulación diferentes.
- Nos criterios de avaliación, fixar niveis progresivos de consecución dos obxectivos.

- Realizar un seguimento o máis detallado posible de cada alumno ou alumna.
- Diseñar e planificar actividades de reforzo e de ampliación para aqueles alumnos que o requiran.

15.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, traballaranse nos diferentes cursos a través de debates sobre temas científicos de interese, interpretación e análise de artigos científicos sinxelos, definicións de termos científicos, exposicións orais e escritas usando unha terminoloxía precisa e axeitada, lecturas de noticias na prensa relacionadas cos contidos da materia impartida, etc.

A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación desenvólvese realizando traballos individuais e/ou colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.

A educación cívica tamén é tratada en todas as materias, incidindo no respecto polas personas e as súas opinións, así como, a importancia que os seus actos teñen no medio que o rodea na actualidade e no futuro, ademais de coñecer os problemas e buscar a solución para eles. Tamén se tratarán temas relacionados coa aplicación da biotecnoloxía na vida cotiá, valorando as vantaxes e os inconvenientes e as implicacións éticas que teñen o uso de determinados avances científicos.

O emprendemento foméntase dándolle autonomía ao alumnado no bosquejo de información, e na solución para determinados problemas formulados. Tamén se potenciará o espírito crítico fronte a informacións de calquera índole e a iniciativa para propor algún traballo relacionado cos contidos da materia.

16.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Aínda que temos varias actividades propostas, inicialmente non se realizaran ata que as condicións sanitarias así o aconsellen e o permitan.

Neste curso as actividades propostas polo departamento son:

- Participación e realización do proxecto de Voz Natura “Estudo do río Mariñán” 4º da ESO.
- Horto ecolóxico.
- Visita a depuradora para 1º de ESO
- Diversas saídas nos arredores do centro, para observación, estudo e recollida de diverso material. (todos os grupos)

17.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Unha programación anual é un instrumento de traballo en continua construción e perfeccionamento, polo que é necesario unha revisión co fin de ir mellorando e pulindo aqueles aspectos que non funcionaron como se crera ou se atoparon mellores formas de acadalos.

Na revisión da programación valoraremos a adecuación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e os seus graos mínimos de consecución e competencias clave á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos

previstos, se a aplicación das medidas de atención á diversidade funcionan de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso e mellorar no caso de que sexa necesario.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta a lista de valoración que se expón na seguinte táboa:

ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4	5
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.					
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.					
Determináronse os estándares imprescindibles					
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.					
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados					
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa					
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación					
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares					
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.					
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura					
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino					
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.					
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado					
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.					
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Os estándares imprescindibles están identificados					
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas					
Coordinación entre o equipo didáctico					
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas					
Tratamento preciso dos temas transversais					
Actividades extraescolares e complementarias					

18.- ANEXO COAS MODIFICACIÓNS FINAL DO CURSO LOM-LOE

A continuación expóñense os cambios que se realizarán na programación para adecualas ao novo final do curso, nas diferentes materias impartidas no departamento.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

Tralo establecemento da nota da 3ª avaliación haberá un período de 15 días previos aos exames finais. Os exames finais serán de dous tipos: de recuperación e de mellora da cualificación.

Durante estes 15 días, o alumnado traballará co boletín que lle corresponda: de reforzo, se ten a materia suspensa nalgunha das avaliacións; de ampliación, se a materia está aprobada nas tres avaliacións.

O alumnado que estea suspenso deberá asistir ao exame final de recuperación (con contidos mínimos) para poder recuperar a materia dese curso (avaliación ordinaria e única).

O alumnado que estea aprobado, poderá asistir, de forma voluntaria a un exame final de contidos máis avanzados, grazas ao cal poderá subir a cualificación ata un máximo de 1 punto. Este exame só permite a subida da cualificación ou que se manteña igual, nunca a baixará.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

Tralo establecemento da nota da 3ª avaliación haberá un período de 15 días previos aos exames finais. Os exames finais serán de dous tipos: de recuperación e de mellora da cualificación.

Durante estes 15 días, o alumnado traballará co boletín que lle corresponda: de reforzo, se ten a materia suspensa nalgunha das avaliacións; de ampliación, se a materia está aprobada nas tres avaliacións.

O alumnado que estea suspenso deberá asistir ao exame final de recuperación (con contidos mínimos) para poder recuperar a materia dese curso (avaliación ordinaria e única).

O alumnado que estea aprobado, poderá asistir, de forma voluntaria a un exame final de contidos máis avanzados, grazas ao cal poderá subir a cualificación ata un máximo de 1 punto. Este exame só permite a subida da cualificación ou que se manteña igual, nunca a baixará.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO (GRUPO APOIO)

SEMANA DO 6 AO 10 DE XUÑO

2 SESIÓNS:**Sesión 6 de xuño:**

- Para os pendentes da 1ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas ademais de resolver todas as dúbidas que poidan xurdir.
- Para os aprobados farase unha actividade de comprensión lectora dun artigo periodístico científico do cal terán que resolver unhas cuestións.

Sesión 7 de xuño: Esta sesión farase na aula de informática do centro;

- Alumnado pendente fará un simulacro de proba escrita do que se repasou na sesión anterior.
- Aprobados realizarán un xogo de cuestións de repaso de todo o curso.

SEMANA DO 13 AO 17 DE XUÑO

2 SESIÓNS:**Sesión 13 de xuño:**

- Para os pendentes da 2ª e/ou 3ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.
- Para os aprobados farase unha actividade de ampliación na que terán que facer unha investigación científica utilizando certa bibliografía aportada pola profesora, respondendo a un cuestionario

Sesión 14 de xuño: Esta sesión farase na aula de informática do centro

- Alumnado pendente fará un simulacro de proba escrita do que se repasou na sesión anterior.
- Aprobados realizarán un xogo de cuestións de repaso de todo o curso.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

Despois de rematar e avaliar a 3ª avaliación, haberá un período de 15 días previos aos exames finais.

Durante estes 15 días, co alumnado que teña pendente algunha avaliación realizarase un repaso dos contidos, con especial atención naqueles onde teñen máis problemas e, ao mesmo tempo, faranse pequenas actividades de repaso do explicado. Co alumnado que teña a materia superada realizarase unha actividade de ampliación relacionada co temario da materia que elixan.

O alumnado con algunha avaliación suspensa deberá asistir ao exame final e obter unha cualificación mínima de 5 puntos para poder recuperar a materia deste curso (avaliación ordinaria e única).

O alumnado coa materia xa aprobada, poderá asistir, de forma voluntaria, a un exame final de toda a materia do curso, grazas ao cal poderá subir a cualificación media ata un máximo de 1 punto. Con esta proba o alumnado poderá subir ou manter a nota, nunca baixala.

CIENCIAS APLICADAS 4º ESO

SEMANA DO 6 AO 10 DE XUÑO

Realizaranse 3 sesións:

Sesión 6 de xuño:

- Para os pendentes da 1ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.
- Para os aprobados farase un proxecto de ampliación "Inventa e crea"

Sesión 7 de xuño:

- Nesta sesión o alumnado pendente fará un simulacro de proba escrita do que se repasou na sesión anterior.
- Os aprobados seguirán co proxecto.

Sesión 8 xuño:

- Para os pendentes da 2ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.
- Os aprobados seguirán co proxecto.

SEMANA DO 13 AO 17 DE XUÑO

Sesión 13 de xuño:

- Para os pendentes da 3ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.
- Os aprobados seguirán co proxecto.

Sesión 7 de xuño:

- Esta sesión o alumnado pendente fará un simulacro de proba escrita do que se repasou na sesión anterior.
- Os aprobados farán unha breve exposición do seu proxecto "Inventa e crea"

Sesión 8 xuño:

- Resolución de dúbidas e xogo webquest como proba final do repaso de todo o curso no que participaran todos os alumnos e alumnas.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º BACHARELATO

Despois da avaliación final, haberá un período de 15 días previos aos exames finais.

Durante estes 15 días, co alumnado que teña pendente algunha avaliación realizarase un repaso dos contidos, con especial atención naqueles onde teñen máis problemas e, ao mesmo tempo, faranse pequenas actividades de repaso do explicado.

O alumnado con algunha avaliación suspensa e con media inferior a 5, deberá asistir ao exame final e obter unha cualificación de, polo menos, 5 puntos para poder recuperar a materia deste curso (avaliación extraordinaria e única).

ANATOMÍA APLICADA 1º BACHARELATO

SEMANA DO 6 AO 10 DE XUÑO

3 SESIÓNS:

Sesión 6 de xuño:

- Para os pendentes da 1ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.

Sesión 8 de xuño: Sesión na aula de informática

- Nesta sesión farase un simulacro de proba escrita do repasado na sesión anterior.

Sesión 10 xuño:

- Para os pendentes da 2ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.

SEMANA DO 13 AO 17 DE XUÑO

Sesión 13 de xuño:

- Para os pendentes da 3ª avaliación farase un repaso dos contidos mediante diferentes presentacións power point, resaltando os contidos máis relevantes ou nos que se detecten maiores problemas e resolvendo dúbidas.

Sesión 15 de xuño:

- Nesta sesión farase un simulacro de proba escrita do repasado na sesión anterior.

Sesión 17 xuño:

- Resolución de dúbidas.

O alumnado con algunha avaliación suspensa e con media inferior a 5, fará unha proba final sobre os contidos no que deberá obter, polo menos, 5 puntos para recuperar a materia.

CULTURA CIENTÍFICA 1º BACHARELATO

Durante os 15 días previos aos exames finais, co alumnado que teña pendente algunha avaliación realizarase un repaso dos contidos, con especial atención naqueles onde teñen máis problemas e, ao mesmo tempo, faranse pequenas actividades de repaso do explicado.

O alumnado con algunha avaliación suspensa e con media inferior a 5, fará unha proba final sobre os contidos. Para superar a materia (avaliación extraordinaria e única) debe acadar unha cualificación de, polo menos, 5 puntos.

BIOLOXÍA E CIENCIAS DA TERRA DE 2º BACHARELATO

Estas dúas materias non están afectadas por este novo final de curso, xa que rematan antes.